

ACTA Nº 11/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE MARZO DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.
D^a Libertad Cruz Couso.

Secretario accidental: D. José Rodríguez Veloso.

Na casa do Concello de Moaña, o 14 de marzo de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 09/11, correspondente á sesión do 28 de febreiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Non se dá conta de ningunha avocación.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con

circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 202/10 – D. CELSO RIOBÓ GONZÁLEZ presenta proxecto para obras de ornato e conservación de cuberta en vivenda unifamiliar existente no barrio de San Lourenzo, 2 – Domaio, redactado pola arquitecta D^a Miren Oskia Ormazabal López, vsiado na data 24.11.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 9 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE ORNATO DE EDIFICACIÓN E CONSERVACIÓN DE INFORME:

Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto da documentación visada polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación con data de 11/08/2010 unha vez introducidas as modificacións que figuran na documentación rexistrada o 12/11/2010 e visada polo mesmo colexio profesional con data de 10/11/2010. Como consecuencia do anterior queda anulada a petición inicial de cambio de cuberta como obra de consolidación dunha edificación fóra de ordenación polo proxecto modificado de reparación de cuberta.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto e as labours de ornato acometen limpeza e encintado de fachadas de mampostería e revocado e pintado de construción anexa, preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	390,27 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.B) EXPTE. 169/10 – D. MARCOS PIDRE PÉREZ presenta proxecto para obras de ornato e conservación de nave exisente, situada na Avda. Marín, 91, do barrio da Seara-Moaña, redactado por AR.UR.MO (Arquitectura e Urbanismo Morrazo, SLP), arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 15.12.2008. Achega posteriormente modificación de memoria e plano AR-04 visado o 25.11.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE ORNATO E CONSERVACIÓN(OBRA MAIOR)
INFORME:

Procede licenza das obras de conservación e ornato definidas na documentación técnica presentada.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta informe do Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Para as obras proxectadas só se poderán autorizar obras de conservación, hixiene e ornato destinaadas a garantir as mínimas condicións de habitabilidade, quedando prohibidas aquelas obras que conleven aumento de volume, modificación de estrutura e/ou fachada ou consolidación, mellora ou ampliación da edificación.

Edificación en situación de fóra de ordenación afectada por un sistema viario.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da estrutura da cuberta existente mediante pintado nas zonas metálicas con pintura sintética. Na fachada frontal abríranse uns ventanais a modo de exposición de aluminio, mentres que no resto da fachada se revestirá con paneis sandwich de chapa de aceiro galvanizado polas caras interior e exterior; as fachadas laterais revestiranse mediante chapa trapecio, se preservará do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	220,33 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

4.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

EXPTE. 123/10 – D. JACOBO RÍOS CORTEGOSO presenta proxecto para acondicionamento de local para ximnasio, que se vai situar na rúa Miguel Enríquez, nº 36, O Real, Moaña, redactado polo arquitecto D. José Blanco Casás e visado o 5 de xullo de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 9 de marzo de 2011, que literalmente di:

EXPTE. DE OBRAS: 123/10

EXPTE DE APERTURA:28/10

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA XIMNÁSIO.

INFORME:

Procede **licenza de obras e actividade destinada a ximnasio** de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arranxo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do artigo 196 da Lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

Dado a existencia de informes sectoriais doutras administracións concorrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística,

resolta a tramitación da actividade deste expediente débese outorgar licenza conxuntamente coa licenza urbanística de obras.

Sometido o expediente a información pública atendendo ao disposto no artigo 36, a)-5, do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas, de 24 de agosto de 1982, unha vez determinada a compatibilidade de usos coas NN. SS. de Planeamento Municipal.

O aforo do local aprobado ascende a unha ocupación de 34 persoas.

Remitiuse o presente expediente a Delegación territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por se estima necesario, e a teor do disposto no artigo 38 do Regulamento xeral, comunica a non imposición condicionados a licenza.

Recibimos a resolución de non proceder emitir informe sanitario da Consellería de Sanidade.

A resultas da aplicación do Decreto 292/2004, do 18 de novembro; polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade autónoma de Galicia, queda identificada a actividade de ximnásio polo presente decreto polo epígrafe 2.3.5..

Rematadas as obras deberá presentar o certificado final de obra do facultativo encargado das mesmas, certificación de cumprimento da ordenanza acústica emitido por ente homologado; os servizos municipais supervisarán a instalación antes da posta en funcionamento e apertura da mesma.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	614,86 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D. JACOBO RÍOS CORTEGOSO para a actividade de XIMNASIO.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA XIMNASIO. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

5.- DECLARACIÓN DE INCURSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FÓRA DE ORDENACIÓN

EXPTE. 197/10 – D. MANUEL ALEJANDRO MARTÍNEZ RÚA solicita a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total dun taller de serrado de pedra, sito no barrio de Reibón, 110, Meira-Moaña,. Presenta memoria descritiva do taller e certificado de solidez e seguridade, redactados ambos documentos polo enxeñeiro técnico industrial D. Óscar Sanz Fernández, visados polo Colexio o 29.10.10. Achega tamén acta de notoriedade.

En data 8 de novembro de 2010, D. Manuel Alejandro Martínez Rúa solicita ante o Concello declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación de taller de serrado de pedra ao abeiro da disposición transitoria 3ª da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Á vista da documentación aportada polo solicitante.

Á vista do informe do Arquitecto técnico Municipal, de data 9 de marzo de 2011, que se relaciona a continuación:

Atendendo ao disposto na Lei 2/2010, disposición transitoria terceira para edificios sen licenza ou sen a autorización autónoma preceptiva non incurso na aplicación no determinado polo artigo 213º.1 da mesma Lei; presentada a documentación técnica esixida e acta de notoriedade queda establecida previa consulta cos arquivos municipais que tanto a execución da edificación como o exercicio da actividade resulta anterior ao 1 de xaneiro de 2003 de uso continuado e transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen adoparse medidas da restauración da legalidade urbanística ou medioambiental prevista no artigo 210.2 quedan incorporadas a instalación ao patrimonio do particular e incursa en situación legal de fóra de ordenación total, suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2, autorizándose obras de mera conservación.

De acordo co disposto na disposición transitoria 3ª da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

“Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorre o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a propietaria deberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o

planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.”

*Visto o disposto na disposición transitoria 11ª da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que respecto da explotación e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e **serradoiros existentes** establece: 1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria, de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, así como os serradoiros de madeira, existían no momento da entrada en vigor desta lei poderán manter a súa actividade, aínda que non estean amparadas nas preceptivas licenzas municipais de edificación ou de actividade, sen necesidade delas...*

*“As construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural citadas que existían á entrada en vigor desta lei, para a súa regularización, **deberán aboar no concello respectivo o imposto municipal de construcións, instalacións e obras.**”*

Liquidación I.C.I.O..... 3.866,98 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda declarar incurso en situación legal de fóra de ordenación total o taller de serrado de pedra sito no barrio de Reibón, nº 110, de Meira propiedade de D. Manuel Alejandro Martínez Rúa, para os efectos previstos na disposición transitoria 3ª da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

6.- PECHE

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 37/08 – D. JESÚS RODRÍGUEZ RAMALLO presenta proxecto de peche dunha finca de 44,50 m.l. x 2,00 m.l. (89 m2 incluído un portal de 3,00 m) a base de bloques de formigón prefabricado e malla metálica, situada no lugar de Xogo dos Bois nº 236, O Latón, Meira, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal visado o 04.02.08.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de febreiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO A LINDANTES

INFORME:

Documentación

- Memoria
- Orzamentos
- Documentación gráfica
- Autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, departamento territorial de Pontevedra, Servizo de Urbanismo.
-

Procede informar favorablemente o expediente A altura do peche especificase no apartado 2.2.1.46.

De non existir regulación específica, esixirase o cercado permanente de dous metros de altura, executado con material e grosos convenientes para asegurar a súa solidez e conservación en bo estado.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	84,92 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

7.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 8 de marzo de 2011 que textualmente di:

Vistas facturas presentadas polas entidades relacionadas, relación composta polo listado de rexistro de facturas número 204 e o anexo III da presente proposta, xustificativas do gasto, é que ascende á cantidade acumulada de: 64.370,21 €.

Visto que tódalas facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento vixente do Concello de Moaña para o ano 2011,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2011, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2011 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, e presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por importe acumulado de: 64.370,21 euros,

ANEXO I			
Factura	Provedor	Partida	Importe
000086	ALVAREZ COSTA, Maria Escarlata	3410 22601	2.145,42
C25	HERMELO CANOSA, Raimundo	3410 22601	1.865,58
031278	FINANZA AUTORENTING, S.A.	1320 20400	952,23
01/11	PRETO DE TI, S.L.	2310 22713	12.628,87
02/11	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	4.426,77
Total anexo I			22.018,87

ANEXO II			
Factura	Provedor	Partida	Importe
665598	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF.	9200 22201	582,44
663590	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF.	9200 22221	455,83
0885	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	1320 21400	300,00
E-006/11	DIVERNENO VIGO, S.L.	2310 22620	796,50
00287	FARO DE VIGO, S.A.	9200 22001	360,00
00384	FARO DE VIGO, S.A.	3320 22001	360,00
003	VAZQUEZ TABOADA, Pedro	2310 22620	383,50
04051	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3320 21301	117,71
04052	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	9200 21301	117,71
04031	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	117,71
19	RIVAS MARTINEZ, Fernando	varias	148,09
02348	SILORDIMAR GAS, S.L.	3210 22103	178,05
23	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	264,96
24	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	60,77
25	MONTES COSTAL, Maria Luz	9200 22110	150,85
26	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	62,76
27	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	282,45
28	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	175,02
29	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	375,36
07/2011	ILUMINACIONES ELECTROSIL, S.L.	3340 22612	1.693,60
00597	INVEST.Y PROYECTOS MEDIO AMBIENTE, S.L.....	3420 22707	602,19
A11/104	ALARMAS PONTEVEDRA, S.L.	1320 22799	1.655,04
70	TALLERES VEIGA, S.L.	1320 21400	550,20
3371	FARO DE VIGO, S.A.	3320 22001	360,00
00497	SOCOMOR, S.A.	1550 22115	204,02
0020/11	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 22002	168,00

0019/11	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 21600	351,87
0017	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	9200 22000	352,23
0011	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	2310 22000	290,28
380/11	GASOLEOS DO LEREZ, S.L.	3120 22103	600,80
7832	RECAMBIOS RODEIRA MOTOR, S.L.	1550 21400	1.198,14
A32	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 21000	462,77
A30	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	1.732,24
0007	JUCONS GALAICA, S.L.U.	1550 20300	247,80
211.0030	ESYCSA	1320 21300	662,72
220049	TELGA COMUNICACIONES, S.L.	1320 20800	95,07
07632	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3320 21301	117,71
07612	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	117,71
07633	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	9200 21301	117,71
65	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	20,18
66	MONTES COSTAL, Maria Luz	3120 22110	69,83
67	MONTES COSTAL, Maria Luz	4310 22110	106,92
68	MONTES COSTAL, Maria Luz	3120 22110	125,36
69	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	104,97
70	MONTES COSTAL, Maria Luz	3320 22110	96,08
71	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	51,61
72	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	104,03
73	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	142,79
74	MONTES COSTAL, Maria Luz	2340 22110	32,79
75	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	181,68
76	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	32,26
77	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	255,32
78	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	301,61
79	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	115,18
80	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	117,73
81	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	240,48
975	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.....	1550 22103	1.894,48
976	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.....	9200 22103	90,06
977	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.....	1340 22103	286,75
978	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.....	1320 22103	539,12
101/11	SANCHILAN, S.L.	1340 22199	16,40
A/25	ROMERO SOLIÑO, S.L.	1550 22115	569,29
77/11	WURTH, S.L.	9200 21600	271,87
011/2011	RUA RUA, F. David	1510 22114	165,25
010/2011	RUA RUA, F. David	1510 22114	165,25
009/2011	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08
012/2011	RUA RUA, F. David	1510 22114	110,16

F05100	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1320 22000	5,40
F05103	KOPIAK MOAÑA, S.L.	9310 22000	,98
F05104	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1510 22000	10,25
F05102	KOPIAK MOAÑA, S.L.	9200 22000	7,20
F05101	KOPIAK MOAÑA, S.L.	2310 22000	52,93
F05099	KOPIAK MOAÑA, S.L.	2340 22000	13,88
013/2011	RUA RUA, F. David	1550 62900	2.916,96
547/11	GASOLEOS DO LEREZ, S.L.	3210 22103	425,00
110268	VIVEIROS ADOA, S.L.	1710 22109	912,85
110275	VIVEIROS ADOA, S.L.	1710 22109	89,68
22821	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA....	2310 22200	74,05
02546	SILORDIMAR GAS, S.L.	3210 22103	175,05
11/00874	A & B LABORATORIOS, S.A.	1550 22115	782,34
104	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	28,44
102	MONTES COSTAL, Maria Luz	4310 22110	29,82
105	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	179,43
106	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	97,41
107	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	35,00
124	MONTES COSTAL, Maria Luz	1550 22110	108,45
125	MONTES COSTAL, Maria Luz	1640 22110	36,62
126	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	32,60
108	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	132,17
103	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	203,98
67424	INITIAL TEXTIL E HIGIENE, S.L.	9200 22699	349,16
100172	SANIPLAST, S.L.	1550 22115	1.115,10
11003	URBASER, S.A.	1630 22707	2.024,95
4	FERREIRO GONZALEZ, Francisco	1550 21000	554,60
F05332	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3340 22000	5,54
F05334	KOPIAK MOAÑA, S.L.	9200 22000	11,49
F05335	KOPIAK MOAÑA, S.L.	2340 22000	3,30
Total anexo II			33.546,97

ANEXO III			
Factura	Proveedor	Partida	Importe
002830	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	varias	3.490,30
033702	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	varias	3.374,17
905672	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	varias	1.939,90
Total anexo III			8.804,37

TOTAL	64.370,21
RELACION	€

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 64.370,21 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento do Concello de Moaña.

Terceiro: Aprobar a bonificación correspondente a factura de Telefónica Móviles de España, S.A., por un importe de 384,15 euros.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor municipal de data 8 de marzo de 2011 no que emite reparo ao recoñecemento de gastos facturados por R CABLE Y TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA e MONTES COSTAL, MARÍA LUZ orixinados por clubs de xubilados alleos ao Concello que non gardan con el ningún tipo de relación orgánica ou de dependencia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: levantar o reparo do interventor municipal porque os locais onde están eses clubs son de titularidade municipal.

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

8.- CONVENIO DE COOPERACIÓN CO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Visto o borrador de convenio, remitido dende a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Moaña para a posta a disposición a favor dese Servizo do local sito na rúa Donato Bernárdez Sotelo, nº 3, baixo, en Moaña, para destinalo a un Centro de Odontoloxía e Fisioterapia dependente da Xerencia de Atención Primaria,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se formalice o convenio co Servizo Galego de Saúde e faculta ao alcalde para a súa sinatura.

9.- EXECUCIÓN SENTENZA Nº 239/2005 DO TSXG

A sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo pronunciou sentenza (239/2005) no recurso 4607/1999 o día 14.04.2005 pola que estima o recurso contencioso-administrativo interposto por COVSA fronte a inactividade do Concello de Moaña ante as reclamacións de pago de cantidades que lle formulara.

O día 22 de decembro de 2006, a Xunta de Goberno Local aprobou o plan de pagos recollido no acordo transaccional negociado para executar a sentenza, mediante o cal o Concello se compromete a abonar a COVSA a cantidade de 250.000,00 € en cinco

pagos parciais de 50.000,00 € cada un. A data de hoxe abonáronse os dous primeiros pagos parciais.

Vista a existencia de crédito suficiente e axeitado no orzamento municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 50.000,00 €, a favor de CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A., en concepto de terceiro pago parcial para a execución da sentenza 239/2005 da sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, con cargo á partida 1550.35203 RC 334.

10.- PROPOSTAS DE GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DE LOCAIS

10.A) DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA

Vista a proposta da Alcaldía de data 14 de marzo de 2011, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a clube de xubilados da parroquia de Meira.

Conforme coa cláusula décimosegunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo, etc.

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de electricidade, as seguintes facturas:

GAS NATURAL, S.U.R. SDG S.A. por importe de 289,62 euros, correspondente ao período 19-01-2011 a 17-02-2011.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga, polos importes e a favor das persoas que se relacionan, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 2310 20200.

PIDRE COBAS, Aurora	57,92 euros
PIDRE COBAS, Consuelo.....	57,92 euros
PIDRE COBAS, José.....	57,92 euros
PIDRE COBAS, María	57,92 euros
PIDRE COBAS, Teresa.....	57,92 euros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe total de 289,62 euros en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 2310 20200 – RC 360, a favor das persoas que se relacionan na proposta e pola contía que nela se desglosa .

10.B) DESTINADO A CENTRO CULTURAL DO REAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 14 de marzo de 2011, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado local socio-cultural de O Real

Conforme coa cláusula quinta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo, etc..

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de electricidade as seguintes facturas:

GAS NATURAL, S.U.R. SDG, S.A. por importe de 16,82 euros, correspondente ao período 20-01-2011 a 18-02-2011.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga, a favor de D. Manuel Santomé Gestido., en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 3340 20200, e por importe de 16,82 euros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 16,82 euros a D. MANUEL SANTOMÉ GESTIDO, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 3340 20200 RC 365.

11.- PROPOSTA DE GASTOS

11.A) Visto o orzamento presentado pola empresa CYBERNOVA MOAÑA, S.L. a petición da Alcaldía, por unha impresora HP DESKJET 1050 por importe de 75 €,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado para este gasto no orzamento, acreditado pola retención de crédito que se efectuou na partida 9200-62602, RC 333,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e compromentendo o gasto, por un importe de 75 € a favor da empresa CYBERNOVA MOAÑA, S.L, con cargo a partida 9200-62602 RC 333, pola adquisición dunha impresora para oficinas.

11.B) O importe das cotas pola renovación do dominio municipal bibliomoana.net e do servidor bibliomoana.net ascende a un total –ive incluído- de 187,62 euros, segundo se recolle na proforma 11/RE0033 presentada por *Registros en la Red, S.L.*

Dada a intención da súa renovación e visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a

aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado para este gasto no orzamento, acreditado pola retención de crédito que se efectuou na partida 3320-22699, RC 356,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro: aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 187,62 € en concepto da cota anual 2011 do dominio “bibliomoana.net” con cargo a partida 3320-22699 RC 356,

Segundo: Aprobar o pago a xustificar a JESÚS RODRÍGUEZ PARADA por importe de 187,62 euros, en concepto de pago a xustificar pola cota anual 2011 do dominio “biblomoana.net”.

11.C) PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2011

Visto o informe-proposta da animadora sociocultural do 3 de marzo de 2011, conformado pola concelleira de Servizos Sociais sobre a colaboración co programa **Vacacións en Paz 2011** que di

**ASUNTO: CONTRIBUCION DO CONCELLO Ó PROGRAMA
“VACACIONES EN PAZ 2011”
DE ACOLLIDA DE NENOS/AS SAHARAUIS**

Como ven sucedendo noutros anos **Solidaridade Galega co Pobo Saharai** solicita ó Concello de Moaña, a colaboración económica para poder traer a un grupo de nenos/as e un /ha monitor/a a pasar dous meses do verán (**xullo e agosto**) con familias de Moaña.

A colaboración SOLICITADA COMPROMETE Ó Concello, ademais de sufrir los gastos de ida e volta do grupo de nenos/as a:

- 1.-** Seleccionar familias acolledoras
- 2.-** O concello a través do de Servizos Sociais e coa axuda do monitor saharai e dos membros da asociación, fará un seguimento da estancia dos nenos neste Concello.
- 3.-** Unha vez rematada a estancia farase unha avaliación do Programa co fin de mellora-lo cara a vindeiro anos.
- 4.-** **Facer unha contribución dende o Concello á SOLIDARIDADE Galega co Pobo Saharai de 5.340 euros** . Este è o gasto para que poidan viaxar **seis nenos/as** (890€X6 nenos/as).
- 5. Facerse cargo do desprazamento dos nenos/as a Santiago**

(autocares Benito García.- **600€**)

Así mesmo hai que ter en conta os agasallos que reciben os nenos/as á chegada a Moaña, que supón un gasto de **500 euros** (este gasto será para o total de **nenos/as que veñen a Moaña**)

O gasto total que supón este programa (**6.440€**) imputarase á partida presupostaría de servizos sociais de **promoción social**

PROPOSTA:

1.- Aprobar as condicións do programa "Vacacións en Paz 2011 "

2.- contribuir coa contía **5.340€** ó Programa " Vacacións en Paz 2010", que se librará a nome de **Solidaridade Galega co pobo saharai no número de conta bancaria 2080-0409-20-0040113233 (Caixanova).**

3.- Aprobar o desprazamento dos nenos/as a Santiago con **Autocares Benito García** por un importe de **600€**

4.- Aprobar a contía de **500 € para mercar os agasallos** para a **recepción no Concello** dos nenos/as saharauis. Esta cantidade librarase a xustificar a nome da Animadora Sociocultural **Mª Elena García Lorenzo**

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011, acreditado polas retencións de crédito que para estes gastos que se efectuou na partida 2310-22620.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda.

Primeiro: Aprobar as condicións do programa "Vacacións en Paz 2011".

Segundo: Autorizar e dispoñer o gasto por un importe de 5.940 € pola programación de Vacacións en Paz 2011, con cargo a partida 2310-22620, RC 357, no que se inclúe a contribución da contía de 5.340 euros a favor de Solidaridade Galega co pobo saharai que se transferirá á c/c 2080-0409-20-0040113233, e o desprazamento dos nenos desde/a Santiago con Autocares Benito García por importe de 600 €.

Terceiro: Autorizar e dispoñer o gasto por un importe de 500 € para os agasallos que se lle darán aos nenos/as saharauis no programa de Vacacións en Paz 2011, con cargo a partida 2310-22620, e que se tramite o pagamento deste agasallos mediante un libramento a xustificar por importe de 500 euros a nome da animadora sociocultural, D.^a María Elena García Lorenzo, con cargo á devandita partida e RC 359.

12.- CONTA XUSTIFICATIVA DO PAGO DOS DEREITOS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA PARA O CEMITERIO DE DOMAIO.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do día 24 de xaneiro de 2011 no que se dispoñía, entre outros aspectos:

Aprobar a proposta, autorizando e comprometendo o gasto, con cargo a partida 1640 226900, e librar un pago a xustificar a Victor Pastoriza Lino por importe de 132,92 euros, en concepto de pagamento dos dereitos de acometida eléctrica para o cemiterio de Domaio, dada a imposibilidade material de realizar o pagamento doutro xeito a Unión Fenosa.

Vista a conta xustificativa achegada polo habilitado de data 8 de marzo de 2011.

Visto o informe favorable do interventor de data 8 de marzo de 2011,

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D.Victor Pastoriza Lino por importe de 132,92 euros, en concepto de pagamento dos dereitos de acometida eléctrica para o cemiterio de Domaio, con cargo á partida 1640 226900 RC 4.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

13.- CERTIFICACION DA OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”.

O día 17 de febreiro de 2011 a empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A presenta certificación nº 4 da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, asinada polo director de obra D. Rodrigo Currás

Torres, así como da factura nº 35/2011 de data 31/01/11, por importe de 25.554,27 euros, IVE incluído.

Visto o informe favorable do interventor municipal de data 8 de marzo de 2011, á aprobación da certificación de obra nº 4 do 31.01.11: Indica que antes do seu pago debe incorporarse ao expediente o informe do director de obras no que se faga constar a porcentaxe subcontratada ata a data de emisión da certificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Odenar a incorporación ao expediente de informe do Director de obras sobre a porcentaxe de obra subcontratada.

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 31 de xaneiro de 2011 e por importe de 25.554,27 € da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”.

Terceiro: Aprobar a factura nº 35/2011 de data 31/01/11 presentada pola empresa adxudicataria JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A por importe de 25.554,27 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3340.62201.

14.- INICIO EXPEDIENTE 2ª MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE OBRA REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL”

En data de 24 de novembro de 2008, a Xunta de Goberno adxudicou a realización da obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL” á empresa CONSTRUCCIONES VARELA VILLAMOR S.L., polo prezo de CINCOCENTOS SETENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCOENTA E SETE EUROS E SEIS CÉNTIMOS (572.257,06 €), IVE incluído, un prazo de execución de 10 meses, as melloras recollidas na oferta e un prazo de garantía de 24 meses.

En data de 30 de novembro de 2009 a Xunta de Goberno acordou aprobar o Proxecto reformado do básico e de execución de obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL” e o expediente de modificación nº 1 do contrato da citada obra, en base ás circunstancias sinaladas nos informes obrantes no expediente e conceder unha prórroga na execución do contrato de cinco meses e medio respecto do previsto inicialmente, conforme ao sinalado no informe do Director de Obras.

Figura no expediente Proxecto do II modificado redactado polo Redactor do proxecto e solicitude de ampliación de prazo por parte da adxudicataria, de tres meses e medio. No expediente se inclúe conformidade do contratista ca modificación proposta e cadro de prezos contradictorio.

Vistos o informe da Secretaría de data 11 de marzo de 2011.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, de conformidade co parágrafo 3º do artigo 217 da **Lei 30/2007**, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto de modificado de reformado da obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL”

SEGUNDO.- Iniciar expediente de modificación nº 2 do contrato da citada obra, en base ás circunstancias sinaladas nos informes obrantes no expediente.

TERCEIRO.- Conceder un prazo de tres días hábiles de audiencia ao contratista respecto da proposta de modificación da obra e sobre os prezos recollidos na mesma, ratificando no seu caso a conformidade do contratista ca modificación proposta e cadro de prezos contradictorio. A citada modificación suporá, de aprobarse, un aumento do prazo de execución das obras de cinco meses e medio respecto do previsto anteriormente e un reaxuste da garantía definitiva depositada no Concello conforme ao novo importe da obra.

15.- APROBACIÓN DE PROXECTO E ADXUDICACIÓN DA OBRA “REHABILITACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO.”

En xaneiro de 2011 elaborouse Proxecto básico e de execución para a obra “Rehabilitación de muro de contención do campo de fútbol de Domaio” redactado a instancias do Concello polo arquitecto D. José Luís Domínguez González, que conta cun importe de execución por contrata de TRINTA E SETE MIL CATROCENTOS EUROS CON ONCE CÉNTIMOS, IVE incluído (37.400,11 EUROS) (31.695,01 € + 5.705,10 € de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO S.L. recibíndose oferta da mesma de data 21 de xaneiro de 2011.

Á oferta presentada pola empresa presenta as seguintes condicións: EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO S.L.: Prezo: VINTE NOVE MIL CENTO TRINTA E OITO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS, IVE incluído (29.138,27 EUROS) (24.693,45 € + 4.444,82 € de IVE).

Na oferta se remiten certificados de estar ao corrente cas obrigas tributarias e ca Seguridade Social, e escritura da empresa.

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra.

A Xunta de Goberno, á vista dos citados antecedentes e, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto da Obra redactado polo Concello polo arquitecto D. José Luís Domínguez González.

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato menor da obra “Rehabilitación de muro de contención do campo de fútbol de Domaio” á empresa EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO S.L.

por un importe total de VINTE NOVE MIL CENTO TRINTA E OITO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS, IVE incluído (29.138,27 EUROS) (24.693,45 € + 4.444,82 € de IVE), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de 1 mes.

TERCEIRO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 1.234,67 euros e se lle cite para que nos 15 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida 3420.62202 do Orzamento Municipal por importe de 29.138,27 euros.

QUINTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, ao redactor do proxecto arquitecto D. José Luís Domínguez González.

16.- MODIFICACIÓN NO SAF

Visto o informe da traballadora social do Concello de data 11 de marzo de 2011 sobre modificación no servizo de axuda no fogar, que di:

BAIXAS

- *Felisa Pena Freire*: dende o 1 de marzo por falecemento
- *Angel Durán Currás*: dende o 1 de marzo por falecemento. Dado que só se lle prestaron 4 días de servizo en total, non aboará cantidade algunha pendente.

MODIFICACIÓNS

Por cuestións do propio funcionamento do servizo, as novas altas aprobadas en xunta de Goberno Local do 20 de decembro e con efectos dende o 30 de decembro, fíronse incorporando ao programa ao longo do mes de xaneiro e febreiro, polo que se propoñen as seguintes modificacións a efectos de cobro polo departamento de recadación:

Cobro a partir do 1 de febreiro, aos seguintes usuarios/as:

- *Matilde Rúa Gestido*
- *Isabel Santos Parcerero*
- *Ana Parcerero Rodríguez*
- *Balbino Chapela Iglesias*
- *Isabel Barros ARgibay*
- *Rosa Santomé Bernárdez*

Cobro a partir do 15 de marzo a :

- *Adelina Trigo Costa*
-

Suspensión do cobro, ata novo aviso, por atoparse ingresada no hospital dende o seu inicio a:

- *Concepción Juncal Giráldez*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as modificacións no SAF nos termos sinalados no informe da traballadora social.

17.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO

Visto o informe do 10 de marzo de 2011 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, nos que en conxunto relaciona a 7 persoas que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal e 2 que non cumpren por superar ingresos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- Carmen Lemat Costa . DNI nº 35266804. R/ Ramón Cabanillas 58
- José Martínez García. DNI nº 35188662L . R/ Daniel Castela 54. Baixo
- Oscar Manuel Pastoriza Rodríguez. DNI nº 78733617V. Os Quinteiros , 190
- Matilde Nores Casqueiro. DNI nº 35970135K. As Barxas 9-1º D
- María Santomé Gestido. DNI nº 35897168X. Costa do Latón, 303.
- Carmen Seijas Iglesias. DNI nº 35188726Z. O Caeiro 183
- Dolores Cerviño Paredes . DNI nº 35189953E. Riazón nº 9 . Quintela

Segundo: Desestimar as seguintes solicitudes por superaren ingresos

- Eugenia Fervenza Paredes. DNI 35189676 K. O Piñeiro 14
- Aurora Pidre Cobas. DNI 35189424E. Veigadarca 110

Terceiro: Notificarlle o acordo a Aqualia.

18.- RECLAMACIÓN DUNHA VENDEDORA DA PRAZA

Mª Jesús Pereira Bermúdez presenta escrito no que expón que é vendedora de peixe na praza de abastos e que as limpadoras molláronlle a balanza electrónica ao baldear e estropeáronlla. Indica que a reparación lle custou 121,60 euros e pide que se lle pague.

O encargado da praza de abastos, por informe do 16 de febreiro de 2011, indica que cando daquela lle preguntara á limpadora se o indicado pola Sra. Pereira era certo, a limpadora dixo que podía ter sido pola presión da auga da manguera ao baldear

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado para este gasto no orzamento,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acceder ao solicitado e, así, recoñecer a obriga por importe de 121,60 euros en concepto de indemnización por reparación de báscula de praza de abastos propiedade de Mª Jesús Pereira Bernárdez, con cargo á aplicación 9200 – 22623, RC 361

19.- SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

19.A) O representante da empresa COVSA, por escrito con entrada no Concello o día 17 de decembro de 2010, solicita a devolución de avais, entre eles:

ENTIDADE	OBRA	IMPORTE (€)
BANCO GALICIA	Pavimentación de viais públicos no barrio do Caeiro (Meira-Moaña) FEIL	2.155,15

Visto o informe do secretario municipal do 3 de febreiro de 2011,

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico municipal do 15 de febreiro de 2011,

Visto o informe favorable da tesoureira de data 14 de marzo de 2011, favorable á devolución da fianza por importe de 2.155,15 euros a favor de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (CIF A36008886),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza depositada por COVSA para responder da execución da obra Pavimentación de viais públicos no barrio do Caeiro, por importe de 2.155,15 euros.

19.B) O representante da empresa COVSA, por escrito con entrada no Concello o día 28.04.10, solicita a devolución de avais, entre eles:

ENTIDADE	OBRA	IMPORTE (€)
BANCO GALICIA	Acondicionamento da rúa Fragata Lealtad (O Real)	2.607,43

Visto o informe do secretario municipal do 3 de febreiro de 2011,

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico municipal do 15 de febreiro de 2011,

Visto o informe favorable da tesoureira de data 14 de marzo de 2011, favorable á devolución da fianza por importe de 2.607,43 euros a favor de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (CIF A36008886),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza depositada por COVSA para responder da execución da obra Acondicionamento da rúa Fragata Lealtad (O Real), por importe de 2.607,43 euros.

19.C) O representante da empresa COVSA, por escrito con entrada no Concello o día 22.05.09, solicita a devolución de avais, entre eles:

ENTIDADE	OBRA	IMPORTE (€)
CAIXA GALICIA	Ampliación de beirarrúas en Concepción Arenal (4ª)	4.738,14

	fase) PPC/2006	
--	----------------	--

Visto o informe do secretario municipal do 3 de febreiro de 2011,

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico municipal do 15 de febreiro de 2011,

Visto o informe favorable da tesoureira de data 14 de marzo de 2011, favorable á devolución da fianza por importe de 4.738,14 euros a favor de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (CIF A36008886),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza depositada por COVSA para responder da execución da obra Ampliación de beirarrúas en Concepción Arenal (4ª fase), por importe de 4.738,14 euros.

19.D) O representante da empresa COVSA, por escrito con entrada no Concello o día 22.05.09, solicita a devolución de avais, entre eles:

ENTIDADE	OBRA	IMPORTE (€)
CAJA MADRID	Acondicionamento da rúa Concepción Arenal (Alumeado e Mobilliaro) (2ª fase)	4.800,00

Visto o informe do secretario municipal do 3 de febreiro de 2011,

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico municipal do 15 de febreiro de 2011,

Visto o informe favorable da tesoureira de data 14 de marzo de 2011, favorable á devolución da fianza por importe de 4.800,00 euros a favor de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (CIF A36008886),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza depositada por COVSA para responder da execución da obra Acondicionamento da rúa Concepción Arenal (Alumeado e Mobilliaro) (2ª fase), por importe de 4.000,00 euros.

19.E) O representante da empresa E.P. MARTIÑO, S.L., por escrito con entrada no Concello o día 10 de xaneiro de 2011, solicita a devolución do aval do Banco de Galicia depositado para responder da execución da obra Saneamento de Broullón, por importe de 2.563,87 euros.

Visto o informe do secretario municipal do 17 de xaneiro de 2011,

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico municipal do 15 de febreiro de 2011,

Visto o informe favorable da tesoureira de data 14 de marzo de 2011, favorable á devolución da fianza por importe de 2.563,87 euros a favor de E.P. MARTIÑO, S.L.. (CIF B36228898)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza depositada por E.P. MARTIÑO, S.L. para responder da execución da obra Saneamento de Broullón, por importe de 2.563,87 euros.

20.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS TRIBUTARIOS

D^a Ana Isabel Sotelo Outeiral, por escrito do 7 de marzo de 2011, expón que se anulou a licenza de obras do expte. 78/99 e que fixera a liquidación provisional de tributos por importe 215.536 ptas (1.295,40 euros) e 31.250 ptas (187,82 euros). Solicita a devolución taxas por non realizar as obras e renunciar á licenza concedida en dito expediente.

Visto o informe da tesoureira do 14 de marzo de 2011, que textualmente di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DOS INGRESOS TRIBUTARIOS DERIVADOS DO EXPTE DE OBRAS 78/99 PRESENTADA POR A.I SOTELO OUTEIRAL, NIF 78732966X (Registro de Entrada, núm. 1615 o 7 de marzo de 2011)

LEXISLACIÓN E NORMATIVA EXAMINADA.

(CE) Constitución española, do 28 de decembro de 1978, artigos 9 e 103 (BOE núm. 311, do 29 de decembro de 1978).

(LRXAP E PAC) artigo 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992).

(LRBLR) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril de 1985; rect. BOE núm. 139, do 11 de xuño de 1985).

(TRRL) Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96, do 23 de abril de 1986 e BOE núm. 97, do 26 de abril de 1986).

(LXT) Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (boe núm. 30, de 18 de decembro)

(RXX) Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación

INFORME.

De acordo co establecido no artigo **66 da LXT** :“*Prescribirán a los cuatro años los siguientes derechos:...El derecho a solicitar las devoluciones derivadas de la normativa de cada tributo, las devoluciones de ingresos indebidos y el reembolso del coste de las garantías.*

El derecho a obtener las devoluciones derivadas de la normativa de cada tributo, las devoluciones de ingresos indebidos y el reembolso del coste de las garantías.”

Dado o anteriormente exposto, considerando que o dereito ó reintegro xa ten prescrito, **infórmase desfavorablemente a devolución pretendida.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a devolución solicitada polos motivos recollidos no informe da tesoureira municipal.

21.- BAIXA DE VADO

D. Jesús Currás Costa, por escrito do 28 de xullo de 2010, expón que recibiu un impreso do Oral para pagar un vado permanente na rúa José Abal Rúa, 40, cando na actualidade non ten ningún. Tivo un pero xa o deu de baixa catro ou cinco anos atrás, e entregou a placa. Solicita que o dean de baixa e deixen sen validez o recibo emitido ao seu nome. Posteriormente presenta dúas solicitudes con idéntica petición,

Visto o informe do xefe da Policía local do 17.12.2010 no que indica que na Avda. Doutor José Abal Rúa (Ribeira, 40) actualmente non ten vado permanente. Achega fotografía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa no padrón de vados a D. Jesús Currás Costa, co DNI 35.191.196T, polo situado na rúa José Abal Rúa, 40, nº de placa 170 e anular o recibo correspondente ao ano 2008.

22.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
ANTONIO SÁNCHEZ CARBALLO	Saneamento, uso doméstico	Avda. Cangas, 165	Taxas saneamento.....180 €	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.